

## INICIO DE CURSO:

- Xoves 10:
  - 3 anos, no horario correspondente do período de adaptación.
  - 4 anos.
- Venres 11:
  - 5 anos
  - 4 anos
  - 3 anos, no horario correspondente do período de adaptación.



!

É imprescindible tomar a temperatura antes de acudir ao centro\*. Se teñen 37,5º ou máis, ou algún síntoma compatible coa COVID-19, non deberán acudir ao centro, e deberán notificalo ao Equipo Covid.

\*Tedes que descargar e asinar a declaración responsable que estará na web.

## ENTRADAS:

- Alumnado de transporte escolar: O horario de bus será o habitual. Suprímese o tempo da terraza. Entran directamente a aula pola entrada de infantil, acompañados polo profesorado de garda.
- Alumnado que non fai uso do transporte escolar: entran no seu horario correspondente pola porta automática. Os familiares NUNCA poderán acceder ao recinto, para facelo teredes que pedir cita previa e NUNCA poderá coincidir con entradas, saídas, recreos e cambio de clase.
  - 9:00 5 anos
  - 9:05 4 anos
  - 9:10 3 anos

Se hai varios irmáns no centro, chegarase no horario do máis pequeno.

O mandilón virá xa posto da casa e levarase todos os días para lavar (será o mesmo para o comedor), por iso aconsellamos que teñades outro de repostado para alternalos.

O alumnado **NON** traerá da casa ningún xoguete, libro ou obxecto similar.

Unha vez dentro do centro, deixan as cousas na percha e entran na aula, facendo unha desinfección de mans. Despois irán ao seu sitio asignado na aula, que será fixo todo o curso. Agardarán con xogos individuais a que comece o horario lectivo.

O alumnado da aula constituirase en grupo estable de convivencia, e dentro desta en grupos colaborativos reducidos, máximo 5 membros, con sitios asignados para todo o curso como medida preventiva para poder realizar un mellor seguimento dos contactos en caso de detectarse algún caso.

### **PRECISAN TRAER:**

- **2 máscaras:**
  - 1 que empregará para o transporte escolar, acceso ao centro, patio e desprazamentos polo centro. Para os momentos en que non se teña posta precisará unha bolsa/estuche de tea (NUNCA de plástico seguindo recomendacións sanitarias) onde poder gardala axeitadamente.
  - E outra de REPOSTO, coa súa bolsa/estuche identificada co nome do neno/a, que quedará no centro e que se empregará só no caso de necesidade. Cando se utilice enviarase a bolsa a casa para que a repoñades.

Debido a que o uso da máscara en todo momento é altamente recomendable, fomentaremos o seu uso adecuado, na medida do posible, durante a xornada escolar, para promover a adquisición do hábito.

- **Muda:** deberán traer roupa de cambio nunha bolsa de plástico de peche tipo zip ou de tela (non moi grande) co seu nome, para ter gardada na aula. Metede roupa cómoda e que ocupe pouco, sen calzado.

### **ESPECIALIDADES:**

Para minimizar desprazamentos, as especialidades (inglés e música) realizaranse na propia aula.

Psicomotricidade realizarase no espazo habitual (ximnasio) e precisan traer uns tenis de recambio o día que lles toque, que volverán a levarse para casa.

O préstamo da biblioteca realizarase do xeito habitual.

## **MERENDA:**

Para o momento da merenda, deberán traela nun tuper co seu nome e cunha botella, preferentemente reutilizable, igual que fixemos o curso pasado. Procurade que sexan variadas e saudables, e que os nenos/as poidan ser o máis autónomos posible.

Este curso, non realizaremos merendas de aniversario no centro.

## **SAÍDA (os que comen na casa):**

Sairán da aula ás 14:15, acompañados polo seu titor, que o entregará á familia na porta automática ou o deixará na zona de espera do alumnado de transporte escolar, a cargo do profesorado de garda.

## **COMEDOR:**

En infantil a comida realizarase na propia aula, onde estarán a cargo da coidadora. Non lavarán os dentes no centro.

O horario de saída do comedor será ás 15:15 para o alumnado que recolla a familia.

Ás 15:25 os que fan uso do transporte escolar.

## **TITORÍAS:**

Este curso realizaranse preferentemente de xeito telemático, por teléfono ou videoconferencia, con cita previa. O horario para estas titorías será de 18 a 19h.

A comunicación diaria entre familia e titora, realizarase mediante **ABALAR MOBIL**. Polo que todos deberedes ter a aplicación descargada e actualizada. Por seguridade, este curso non empregaremos o sobre viaxeiro.